


*Protocolo de actuación para cambiar de
nome e de xénero de uso común das persoas
transexuais, transxénero e intersexuais na
Universidade de Vigo*





Protocolo de actuación para cambiar de nome e de xénero de uso común das persoas transexuais, transxénero e intersexuais na Universidade de Vigo

Este protocolo preséntase pola necesidade de atender adecuadamente as demandas das persoas transexuais, transxénero e intersexuais pertencentes á comunidade universitaria da Universidade de Vigo, co obxectivo de garantir o dereito á súa libre manifestación de identidade e de expresión de xénero sen sufrir ningún tipo de discriminación.

Ademais do dereito á non discriminación por razón de sexo, do dereito á intimidade persoal e á propia imaxe garantidos pola Constitución española, a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, establece principios e medidas destinados á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero dentro do seu ámbito de aplicación, no que se atopan as universidades.

No ámbito internacional, numerosas normativas recoñecen o dereito á libre manifestación de identidade e de expresión de xénero e a prohibición de calquera discriminación por razón de identidade de xénero.

No ámbito estatal, a Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas, regula os requisitos necesarios para acceder ao cambio da inscrición relativa ao sexo dunha persoa no rexistro civil, cando a devandita inscrición non se corresponde coa súa verdadeira identidade de xénero e recolle o cambio de nome propio para que non resulte discordante co sexo reclamado.

Por outra parte, o II Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2016/2019 defínese como integrador, «aspirando tamén á igualdade entre as diferentes expresións de diversidade sexual» e dedica unha acción concreta a «fomentar a inclusión doutras identidades de sexo ou de xénero na recollida de información para evitar exclusións e que todas as persoas da comunidade universitaria se poidan sentir representadas» (acción 1.1.3.).

Mediante o presente protocolo garánteselles ás persoas, cunha identidade de xénero distinta á asignada no momento de nacer, a posibilidade de usar un nome que se axuste adecuadamente ao seu xénero real nos procedementos internos da Universidade de Vigo, sen prexuízo de que nos documentos oficiais deba figurar o nome legal ata que se poida cambiar polo procedemento tamén establecido neste protocolo.

CAPÍTULO I. Cuestións xerais

Artigo 1. Obxecto

O presente protocolo ten por obxecto establecer o procedemento para asegurar o dereito das persoas transexuais, transxénero e intersexuais a ser identificadas internamente na Universidade de Vigo co nome e co xénero correspondentes ao xénero co que realmente se identifican (nome e xénero de uso común), nos casos en que estes non coincidan cos legalmente asignados (nome e mención rexistral de sexo legais).

Artigo 2. Ámbito subxectivo

As seguintes persoas poderán solicitar o cambio de nome e de xénero de uso común polo procedemento aquí establecido:

- a) Alumnado propio e demais persoas que cursen estudos, calquera que sexa o seu carácter, na Universidade de Vigo.
- b) Persoal docente e investigador da Universidade de Vigo.
- c) Persoal de administración e de servizos da Universidade de Vigo.
- d) Outro persoal vinculado á Universidade de Vigo, calquera que sexa o carácter ou a natureza xurídica da súa relación con ela.

Artigo 3. Obrigas de colaboración

Todas as persoas implicadas nos trámites administrativos que xeren o procedemento establecido neste protocolo están obrigadas a colaborar coa Unidade de Igualdade para que se complete o cambio de nome e de xénero coa maior brevidade posible dentro da máis estrita confidencialidade.

CAPÍTULO II. Cambio de nome e de xénero de uso común

Artigo 4. Inicio do procedemento

A persoa interesada iniciará o procedemento mediante a solicitude de cambio de nome e de xénero de uso común. Esta solicitude, dirixida á Unidade de Igualdade, presentarse nos rexistros da Universidade de Vigo conforme o anexo I e II deste protocolo para garantir a estrita confidencialidade do trámite.

Artigo 5. Tramitación do procedemento

Tras comprobar que a solicitude presentada responde ao obxecto deste protocolo, a Unidade de Igualdade emitirá un informe favorable e iniciará os trámites coa Secretaría Xeral ou os servizos de xestión necesarios para cambiar de nome e de xénero.

Artigo 6. Impulso do procedemento

A Unidade de Igualdade será a encargada de impulsar o cambio de nome e de xénero e desenvolverá as funcións necesarias de mediación entre quen o solicita e a Secretaría Xeral ou os servizos de xestión administrativa implicados no trámite; ademais, realizará un seguimento de todo o proceso.

Unha vez finalizado cada cambio de rexistro, os servizos e as unidades implicadas deberán comunicarlle á Unidade de Igualdade todos os cambios de nome e de xénero realizados.

Artigo 7. Conclusión do procedemento

O procedemento finalizará cun informe de quen sexa responsable da Unidade de Igualdade, dirixido á persoa interesada, no cal se especificarán todos os rexistros onde foi modificado o nome e o xénero de uso común.

Nun prazo de dez días dende a recepción do devandito informe, a persoa solicitante poderá dirixirse de novo á Unidade de Igualdade se considera que debe realizarse algún trámite complementario.

Tras finalizar todos os trámites, a Secretaría Xeral emitirá un certificado onde figuren todos os rexistros modificados segundo o informe emitido pola Unidade de Igualdade.

Artigo 8. Prazos para modificar o nome e o xénero de uso común

O prazo máximo para modificar o nome e o xénero de uso común será de catro semanas, dende que a solicitude entre no rexistro da Universidade de Vigo.

Este prazo poderá ampliarse no caso de que o cambio de nome e de xénero implique algún tipo de proceso técnico que non sexa posible concluír no prazo sinalado no parágrafo anterior. En calquera caso, esta ampliación de prazo deberá ser comunicada á persoa solicitante e non poderá superar as catro semanas adicionais.

Artigo 9. Obrigas da persoa interesada

A persoa interesada está obrigada a colaborar coa Unidade de Igualdade no que esta lle solicite dentro da máis estrita confidencialidade. En ningún caso se poderá esixir a presentación ou a acreditación de calquera tipo de documentación médica.

Artigo 10. Catálogo de rexistros

O cambio solicitado de nome e de xénero legais polos de uso común farase en todos os rexistros de uso interno da Universidade de Vigo onde figure a identificación da persoa solicitante.

Sen excluír ningún outro que fose necesario, os rexistros modificados son:

- a) O nome na tarxeta universitaria
- b) O nome da conta de enderezo electrónico
- c) O nome nas listaxes de clase e nas actas de cualificación
- d) O nome e o xénero nos censos electorais
- e) O nome, o xénero e a designación interna de títulos académicos e de fórmulas de cortesía nas bases de datos de xestión de estudantado e de persoal da Universidade de Vigo.
- f) O nome, o xénero e a designación interna de títulos académicos e de fórmulas de cortesía en calquera outra documentación interna xerada debido á modificación do resto de rexistros.

Nos censos, nos rexistros e nas bases de datos, o campo «xénero» poderá quedar baleiro ou especificar «outro», segundo o desexo da persoa solicitante, no caso das persoas de xénero non binario. A administración universitaria acordará, dentro do posible, o uso dos títulos e das fórmulas de cortesía preferidas pola persoa solicitante.

Artigo 12. Efectos xurídicos do cambio de nome e de xénero de uso común

O cambio de nome e de xénero de uso común non alterará a titularidade xurídica dos dereitos e das obrigas correspondentes á persoa interesada. Nos documentos oficiais que expida a Universidade de Vigo, como certificados ou títulos académicos, constará o nome que apareza no documento nacional de identidade ou no documento equivalente de acordo coa lexislación vixente.

CAPÍTULO III. Cambio de nome de uso legal e rectificación rexistral da mención relativa ao sexo

Artigo 13. Ámbito subxectivo

As persoas posuidoras dun novo documento nacional de identidade ou dun documento equivalente onde figure o novo nome poderán solicitarlle á Universidade de Vigo o cambio de nome legal e a mención do sexo rexistral, logo da modificación de asignación de sexo e de nome propio no rexistro civil conforme a Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.

Artigo 14. Inicio do procedemento

A persoa interesada iniciará o procedemento mediante a solicitude de cambio de nome legal e de mención do sexo rexistral acompañada da documentación xustificativa necesaria. Esta solicitude, dirixida á Unidade de Igualdade, presentarase nos rexistros da Universidade de Vigo conforme o anexo I e III deste protocolo para garantir a estrita confidencialidade do trámite.

Artigo 15. Impulso do procedemento

A Unidade de Igualdade será a encargada de impulsar o cambio de nome legal e de mención do sexo rexistral, e desenvolverá as funcións necesarias de mediación entre a persoa solicitante e os servizos de xestión administrativa implicados no trámite; ademais, realizará un seguimento de todo o proceso.

Unha vez finalizado cada cambio de rexistro, os servizos e as unidades implicadas deberán comunicarlle á Unidade de Igualdade todos os cambios de nome e de mención do sexo rexistral realizados.

Artigo 16. Conclusión do procedemento

O procedemento finalizará cun informe de quen sexa responsable da Unidade de Igualdade, dirixido á persoa interesada, no cal se especificarán todos os rexistros onde foi modificado o seu nome legal e a mención do sexo rexistral.

Nun prazo de dez días dende a recepción do devandito informe, a persoa solicitante poderá dirixirse de novo á Unidade de Igualdade se considera que debe realizarse algún trámite complementario.

Artigo 17. Gratuidade da expedición de documentos

A solicitude de cambio de nome legal e de mención do sexo rexistral implicará a nova expedición por parte da Universidade de Vigo dos documentos oficiais expedidos con anterioridade á rectificación rexistral, de xeito gratuío.

Disposición final

O presente protocolo entrará en vigor ao día seguinte de se aprobar no consello de goberno.

Aprobado na sesión do Consello de Goberno realizada o 21/03/2018
